

Toques, 16 de novembro de 2010. Voluntari@s de **ADEGA** e as asociacións do **Foro do Camiño Primitivo**
promoven este
sábado día 20
dunha actividade de campo consistente na
recuperación e sinalización
dun treito da calzada histórica do Camiño de Santiago no Concello de Toques (A Coruña). A xornada completarase coa
visita á Aula da Natureza de Souto
, un
roteiro polo Marco do Careón
, através do Camiño Primitivo e un
magosto na Eira da Xoana
. Podedes baixar a **Programación da Xornada** (PDF 432 Kb) á que vos convidamos a participar, xunto co **cartaz informativo**
.



A programación urxente destes traballos prodúcese como resposta á **calamitosa actuación oficial do Xacobeo** que
nos últimos meses veu investindo cuantiosos fondos públicos na consolidación dun
longo desvío falsificado
do itinerario histórico da rota xacobea, coa apertura artificial dunha estrada e o afirmado con toneladas de grava, así como a colocación de fitos de formigón para o desprazamento dos peregrinos, no canto de se esmerar na conservación do vieiro orixinario e milenario da vía primitiva a Compostela, a variante máis antiga do Camiño Francés.



